



## ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 28 de novembro de 2018**.

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 21 de novembro de 2018.
2. Apróbase o proxecto de obras de “Renovación da rodadura da vía de praias (Aguete)” e solicitude de subvención para o seu financiamento, ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra, por importe de 136.523,91 €.
3. Apróbase o expediente de contratación das obras de “Mellora e renovación do alumeadado público exterior A Brea-Ameal”, incluídas no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
4. Acórdase a exclusión de licitadores non inscritos no ROLEC e requírese xustificación de ofertas incursas en presunción de anormalidade no expediente de contratación das obras de “Sistema de retención e desbaste automático de sólidos no bombeo de augas residuais de Loira”, incluídas no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
5. Dáse conta da concesión de subvención, por importe de 3.570,68 €, á Escola de Música Municipal Mestre Landín Pazos, ao abeiro da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de axudas dirixidas a escolas de música públicas e escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro.
6. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Apróbase o proxecto de obras de “Restauración do lousado exterior ao centro de preescolar de Marín” e solicitude de subvención para o seu financiamento, ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra, por importe de 45.752,31 €.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200023BE300C6B3W7M8C3Q1 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>DOCUMENTO 20180146403</b>
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 19/12/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/12/2018 10:36:27	Fecha: 19/12/2018 Hora: 10:36